

Erasmus+ Estudios RoadMap



**Cofinanciado por
la Unión Europea**



Oficina de Relacións Internacionais (ORI)


UniversidadeVigo




Fase 1: solicitude e aceptación




Fase 2: Learning Agreement




Fase 3: Documentación previa á estadía



Fase 4: Estadía en Univ. de destino



Fase 5: Reincorporación á Univ. de orixe



Algúns termos que tes que coñecer:



Certificado dixital ou firma dixital da FNMT: arquivo dixital que te permitirá asinar dixitalmente documentos (por exemplo PDFs). Solicítase en liña [neste enlace](#). **É urxente que o xestiones se non o tes.**



ToR ou Transcript of Records: certificado académico (de notas). Na UVigo pídese na Secretaría de Alumnado do teu centro. Indica que é para unha mobilidade internacional e poden emitilo en inglés.

Na Universidade de destino terás que facilitalo ao finalizar a tua estadía.



Learning Agreement, LA o OLA: contrato de estudos que establece qué materias e créditos se cursarán na universidade de destino, e qué materias e créditos se recoñecerán na universidade de orixe. O/a estudante é responsable de buscar a información relativa ás materias de destino que quere cursar e de elaborar o OLA en liña no MoveON. Terá que ser aprobado polo/a responsable/titor/a da Uvigo, e pola universidade de destino.



Tarxeta sanitaria europea: tarxeta que da dereito a recibir as prestacións sanitarias que resulten necesarias, dende un punto de vista médico, durante unha estadía temporal no territorio do Espazo Económico Europeo.


Solicítase en liña [neste enlace](#). **Convén que a teñas unha vez que che adxudiquen o destino.**



Seguro de viaxe para estudantes: é obrigatorio contratalo. Recibirás información.



Online Language Support ou OLS: proba en liña para valorar os teus coñecementos do idioma no que realizarás os teus estudos na universidade de destino. Pedirásese que o fagas antes e despois da tua estadía.




Acreditación de idioma: acreditación oficial do teu nivel de coñecemento dun idioma, recoñecido en toda a Comunidade Europea. Moitas universidades de destino esixen unha acreditación de nivel B1 ou B2 de inglés ou de outro idioma local para aceptar estudantes Erasmus. Pódese obter en Escolas Oficiais de Idiomas, ou en centros autorizados. Na UVigo o [Centro de Linguas](#) organiza regularmente probas de acreditación deste tipo. **Convén que a teñas antes de solicitar o teu intercambio.**

Erasmus+ Estudios RoadMap



**Cofinanciado por
la Unión Europea**



Oficina de Relacións Internacionais (ORI)

Universida de Vigo

